

Conforma un Consello de Dirección paritario

EROSKI RENOVA PARTE DO SEU CONSELLO DE DIRECCIÓN PARA AFRONTAR UNHA NOVA ETAPA FOCALIZADA NA COMPETITIVIDADE DO NEGOCIO

- O órgano de Dirección renovouse parcialmente coa incorporación dunha nova directora Comercial, dunha nova directora de Márketing e dun novo director Social da cooperativa
- As prioridades da cooperativa para os vindeiros anos son competir en cada un dos mercados nos que está presente, situar o Socio-Cliente no centro da súa estratexia e potenciar as capacidades dos seus equipos de persoas
- Os máximos órganos de goberno corporativo da cooperativa, o Consello Reitor e o Consello Social, están ocupados por un 83% de mulleres.

Elorrio, 7 de marzo do 2017.- [EROSKI](#) renovou parcialmente o seu Consello de Dirección coa incorporación dunha nova directora Comercial, Beatriz Santos, dunha nova directora de Márketing, Eva Ugarte, e dun novo director Social, Iñigo Eizaguirre. Completan a composición deste Consello de Dirección o seu presidente, Agustín Markaide; o director de Recursos, Javier Amezaga; e a directora de Rede, Rosa Carabel.

Con estas incorporacións a cooperativa conforma un Consello de Dirección paritario. A igualdade de xénero reflíctese claramente nos estatutos fundacionais de EROSKI e constitúe un principio aplicado en todas as políticas da empresa, en todos os procesos e en todos os niveis da organización para garantir unha igualdade de oportunidades expresa e tácita, manifesta tanto nas relacións profesionais coma no trato persoal. O 78% do persoal de EROSKI son mulleres, os órganos de goberno da cooperativa -Consello Reitor e Consello Social- son ocupados por un 83% de mulleres, e a representación feminina en postos de responsabilidade alcanza o 72%, a máis alta do sector de distribución.

Nova etapa focalizada na competitividade da súa actividade comercial

EROSKI inicia unha nova etapa, logo de concluír as súas operacións de reconversión, no que se marca como obxectivo prioritario competir en cada un dos mercados onde está presente, situar o Socio-Cliente no centro da súa estratexia e potenciar as capacidades dos seus equipos de persoas.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares, onde concentra principalmente a súa rede de establecementos propios e conta cunha cota de mercado de arredor do 20%. Ademais, EROSKI conta cunha importante rede franquizada que se espalla principalmente polas rexións de Andalucía, Madrid, Castela A Mancha, Estremadura e Levante.

Ofrecerlle ao consumidor unha proposta comercial máis saudable e sostible, cun forte protagonismo dos alimentos producidos no seu contorno máis próximo son as principais claves competitivas do modelo comercial "contigo" co que EROSKI está a remodelar a súa rede de tendas. Son xa 512 os establecementos de nova xeración -26 hipermercados e 486 supermercados- que lle permiten unha compra máis doada e atractiva ao cliente, cunha forte especialización en frescos e o protagonismo dos produtos locais. Para este 2017, EROSKI prevé engadir 79 novas remodelacións que melloren a competitividade das súas tendas, ás que se suman 4 aperturas de novas tendas propias, amais da forte expansión de franquías.

Para os vindeiros 4 anos, a prioridade de EROSKI é o fortalecemento do seu negocio e, para iso, o Plan Estratéxico impulsado polo renovado Consello de Dirección reforza a unidade de acción orientada a resultados e sitúa os 7 millóns de Socios Clientes, titulares das tarxetas EROSKI, CAPRABO, IF e FORUM, no centro da estratexia do Grupo.

Potenciar o desenvolvemento profesional e persoal dos equipos de EROSKI constitúe o terceiro pilar do Plan Estratéxico a 2020, que sitúa a formación das persoas como unha das claves na mellora competitiva. Xa durante o pasado exercicio, EROSKI aumentou un 20% as horas de formación interna, superando as 210.000 horas.

Para mellorar a atención ao cliente e avanzar cara a unha atención máis personalizada, EROSKI conta coas súas propias "Escolas de Frescos en Carnicería, Peixería, Panadería, Chacinería e Froitería, onde máis de 500 traballadores pasaron polas súas aulas durante o 2016.

Destaca tamén dentro desta aposta polo desenvolvemento profesional e persoal das persoas que conforman EROSKI o programa "summa" de desenvolvemento directivo. Un programa de formación desenvolvido conxuntamente con

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



MONDRAGON UNIBERTSITATEA e que forma parte do Plan de Transferencia de Talento Universidade - Empresa definido pola cooperativa para os próximos 4 anos como motor de innovación para a construción de novas vantaxes competitivas sostibles no tempo.

Sobre EROSKI

EROSKI ten unha rede comercial de 1.877 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash&carry, amais de gasolinerías, ópticas, oficinas de viaxes, perfumerías e tendas de equipamento deportivo. Conta con máis de 7 millóns de Socios Clientes e con 33.870 socios cooperativistas e traballadores.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)